



Interreg
Sudoe



 **AGROSMARTcoop**

European Regional Development Fund

**TENDENCIAS DE
CONSUMO**
**EXEMPLOS DE APLICACIÓN
POR SECTORES**
Cápsula Formativa

16-11-2017 SANTIAGO



ÍNDICE

1. CAMBIOS NOS HÁBITOS
2. A CONCENTRACIÓN DA DISTRIBUCIÓN
3. GANAR TAMAÑO
4. I+D+i
5. A SUSTENTABILIDADE

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Cambios nos hábitos do consumidor

Todas as partes da cadea agroalimentaria deberán “ollar” ao consumidor:



“Conciencia das necesidades de saúde”

- Máis información
- Máis demanda
- Máis control de orixe.



“Hábitos de inmigrantes”

(A poboación estranxeira demanda outros produtos, en especial a latinoamericana)

“Xusto a tempo”



“Mellor conveniencia”

(Conveniencia dende calidade e xestión do tempo de ocio)




EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Cambios nos hábitos do consumidor (cont.)

A selección dos alimentos vén dominada por dous eixes: a saúde e a rapidez; eses eixes interveñen de maneira directa en preto do 70% dos actos de compra. O crecemento das razóns Régimes e Dieta reflicten unha maior preocupación pola saúde.


Factores que o consumidor ten en conta á hora de elixir un alimento



EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Cambios nos hábitos do consumidor (cont.)



Deseguido analízanse as **principais necesidades** que buscan satisfacer os consumidores finais no mercado agroalimentario:



EXEMPLOS DE APLICACIÓN

A concentración da distribución

Case ¾ partes do gasto en alimentación en España están destinadas ao consumo nos fogares. Estes actos de compra fanse maioritariamente nas Cadeas de Alimentación



As dúas categorías que representan as maiores cotas de consumo son a carne e o peixe xunto coas froitas e hortalizas frescas

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Fuente: Alimarket





GRÁFICO 6. DE LAS HERAS

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

A concentración da distribución (cont.)

Igualmente relevante é a importancia que teñen as marcas: as **marcas de distribución (MDD)** xunto coa marca líder da categoría, adoitan ter unha participación conxunta arredor do 80% :



EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Gañar tamaño


- Un dos principais retos ao que se enfrenta a empresa agroalimentaria española é o de **gañar masa crítica**. O 81,05 % do tecido empresarial do sector ten menos de 10 traballadores. O 96,56% das empresas ten menos de 50 asalariados.
- **A competitividade no sector é directamente proporcional ao tamaño da compañía**. Empresas de maior tamaño permiten, entre outros aspectos, ser máis produtivas, máis competitivas, mellorar a capacidade de negociación, de investimento en I+D+i, asegurar a calidade e trazabilidade dos produtos.
- Os fabricantes operan nunha contorna na que **a tendencia xeralizada vai dirixida a reducir o número de operadores**.
- Tense demostrado que o tamaño dunha compañía está directamente relacionado coa **produtividade** da mesma.

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Gañar tamaño (cont.)

A industria agroalimentaria española caracterízase por ter un tecido industrial dos máis atomizados da UE, cunha elevada proporción de PEMES.


- O **99,21% das empresas que conforman o sector son Pemes** con menos de 200 empregados. O 0,21 % do total son grandes empresas cun volume de empregados superior a 500.
- Os fabricantes operan nunha contorna na que a tendencia xeralizada vai encamiñada a unha **redución do número de operadores**.
- Só no período 1995-2000, desapareceron un 15% de empresas do sector. No último ano desapareceron máis de 1.700 empresas.
- Así mesmo, o crecemento da produción experimentado na industria agroalimentaria (crecemento nominal de aproximadamente un 6,8 % en 2005) non se traduciu nun incremento de valor para os fabricantes.



EXEMPLOS DE APLICACIÓN


Gañar tamaño (cont.)

O tamaño é un factor clave para competir a nivel nacional e internacional:



EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Pero, **cales son as razóns** da pequena dimensión das cooperativas agrarias españolas?



EXEMPLOS DE APLICACIÓN

Cales son as **razóns** polas que sería necesario gañar tamaño?

- 1 Mercado exterior
- 2 Requirimentos tecnolóxicos
- 3 Novas esixencias do consumidor
- 4 Rendibilidade
- 5 Concentración da distribución
- 6 I+D+i

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

I+D+i

- É un **requisito para poder competir no mercado**, para adaptarse aos cambios no consumo, para facer fronte ao incremento da competencia e para poder afrontar a internacionalización. É un requisito para asegurar a trazabilidade e a sostibilidade dos produtos agroalimentarios.
 - A pesar disto, **a innovación non está xeneralizada** no sector da alimentación. Só o 10% das empresas agroalimentarias con transformación de alimentos levaron a cabo procesos de innovación. Esta cifra descende ao 4% cando non se realiza a transformación de alimentos.
 - Normalmente **a innovación xorde da cooperación de varias empresas en centros de innovación** (exemplo AINIA, CITAGRO) e de departamentos específicos en empresas de maior tamaño.

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

I+D+i (cont.)

– Exemplos de áreas de innovación:

- *Alimentos intermedios: Trátase de produtos alimentarios tecnolóxicos que, grazas á súa incorporación na formulación dos produtos terminados, dan lugar a un maior valor engadido. Por exemplo: novos conservantes naturais, materias primas modificadas xeneticamente para adaptalas ao proceso produtivo (p.ex. millo máis grande)*
- *Alimentos funcionais e alimentos para grupos específicos de poboación.*

Os alimentos funcionais son aqueles que conteñen un compoñente alimentario, sexa nutriente ou non, con efecto selectivo sobre unha ou varias funcións do organismo. Por exemplo: produtos con máis contido vitamínico, menos colesterol, lixeiros etc.

Tecnoloxía Agroalimentaria

- A aplicación das tecnoloxías emerxentes aos procesos produtivos permitirá obter produtos de excelente calidade, a un prezo razoable.

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

A sustentabilidade será abordada desde distintos puntos de vista, como:

– Regulación, Lexislación, Convenios

- Específica do sector: seguridade alimentaria, trazabilidade, normas sectoriais...
- Xeral: reforma Plan Xeral Contable, fiscalidade etc.
- Convenios e códigos de conduta elaborados tanto a nivel nacional como internacional, como a estratexia NAOS. Esta ten como obxectivo diminuír a prevalencia de obesidade e sobrepeso, e as súas consecuencias.
- É un factor de supervivencia anticiparse e planificar os cambios que implique.

– Medioambiente

- Nos próximos anos intensificarase a preocupación pola xestión e protección do medio ambiente.
- Isto afectará, entre outros, á forma na que a industria realiza os seus procesos produtivos.

EXEMPLOS DE APLICACIÓN

A sustentabilidade terá que ser abordada dende distintos puntos de vista, como (cont.):

RSC

- A industria enfróntase tamén a retos relacionados con aspectos intanxibles, menos previsibles e, en certa medida, máis complexos de xestionar.
- A satisfacción das expectativas dos clientes limitábase tradicionalmente á calidade dos produtos e bens; con todo, hoxe en día, a clave é “construír confianza”.
- Implica aspectos como:
 - Elevar o cumprimento das normas por encima do marco regulatorio establecido polas diferentes Administracións.
 - Bo goberno, transparencia empresarial.
 - Compromiso co medioambiente, compromiso social...

Visión a longo prazo

- Pero tamén é sustentabilidade “interna” da empresa dispoñer dunha estratexia definida, a visión a longo prazo etc.

Moitas grazas